

Extracto da Resolución do 31 de maio de 2021 da alcaldía pola que se amplia o prazo de presentación de solicitudes da convocatoria de bolsas de comedor para o curso académico 2021-2022

Ao abeiro do previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes.

As solicitudes deberán presentarse no Rexistro de entrada xeral do Concello, xunto coa documentación esixida nestas bases.

O prazo de solicitude será ata o día 09 de xullo de 2021.

As solicitudes presentadas fóra do prazo establecido por situación sobrevida terán que cumprir os requisitos desta convocatoria e achegar toda a documentación preceptiva. Así mesmo, esixirase que vaian acompañadas obrigatoriamente de informe técnico emitido por profesionais dos Servizos Sociais Municipais e serán valorados unicamente nos seguintes supostos:

- Por traslado de centro escolar dende outro municipio, cando esta circunstancia se produza despois de rematado o prazo da convocatoria (xustificarase con certificados escolares e outra documentación pertinente).
- Por situacións de violencia de xénero sobrevidas despois de rematado o prazo de solicitude desta convocatoria (xustificarase mediante orde de protección ou outros documentos xudiciais).
- Por cambios sustanciais da situación socio-familiar, cando esta circunstancia se produza despois de rematado o prazo da convocatoria (xustificarase mediante a documentación correspondente).

Calquera destes supostos deberá ser valorado e informado polos Servizos Sociais do Concello de Miño, que emitirán informe técnico sobre a situación.

En Miño, na data que figura á marxe
El alcalde
Manuel Vázquez Faraldo